

Concentración solidaria na Coruña coas traballadoras despedidas por Nortempo-Hotel Bahía en Vigo

A **CGT** concentrouse onte, ás 17:00 horas diante da porta do **centro de traballo que Nortempo ten ao carón de Carrefour de Alfonso Molina**, na Coruña para protestar polo **despedimento**, en Vigo, o pasado 7 de maio de **23 traballadoras do Hotel Bahía en Vigo**.

Na concentración **reclamouse a contratación, por parte de Nortempo, das compañeiras despedidas**, xa que é Nortempo a adxudicataria da contrata dos servizos que prestaban as devanditas traballadoras. "**Readmisión despedidas**" foi o berro máis escoitado na mobilización, así como a lectura, varias veces, dun escrito onde se explican as circunstancias da situación.

Cando rematou a concentración, comunicouse a viva voz a Nortempo que **non ía ser a única visita**.

Comité Local da **CGT** da Coruña

